

Autoformación i éxodo na Universidade-Empresa.

Antón Fernández de Rota e
Ramón Vázquez Caamaño.
[Asemblea de Precarias en Formación, A Coruña]

1. Os devires da universidade e dos seus descontentos.

Ao longo do último medio século a institución universitaria ten vivenciado unha serie de transicións desde a Universidade-Elite á Universidade-Masa e, nos últimos tempos, definitivamente cara a forma emerxente da Universidade-Empresa.

Non lle son alleos os devires políticos i económicos ao propio devir da institución universitaria, tampouco llo é o das loitas sociais que se dan dentro e fóra da institución académica. A transición desde a Universidade-Elite á Universidade-Masa iníciase no Estado español nos derradeiros anos do franquismo, nun contexto europeo e global onde as loitas da xuventude, dos estudantes e dos obreiros esixiron a materialización do dereito ilustrado a unha educación para todos. En contraposición coa Universidade-Elite -é dicir unha universidade na que a clase social determina a accesibilidade aos estudos, artellada non por casualidade coa fin de prover de cadros directivos ás estruturas de gobernación política, económica e cultural- a nova Universidade-Masa construíuse sobre estes cimentos, non obstante implementando os criterios compensatorios do *welfare state*, en resposta tamén ao forte crecemento dunha clase media profesional. Mais a Universidade-Masa e a súa promesa dunha democratización do acceso legalmente garantida polo Estado (a través de distintos subsidios e axudas) non durarán moito tempo. En resposta ás loitas sociais que percorren o mundo nas décadas dos sesenta e setenta, a *gobernanza* capitalista responde cunha reestructuración do seu sistema tecno-productivo (globalización e deslocalización, *management* postfordista e “xiro lingüístico” da economía) e cunha violenta contrarrevolución neoliberal nos cinco continentes, abocada a desmantelar aquel modelo universalista do *welfare state* e, por conseguinte, destinada a desmantelar tamén a Universidade-Masa. No Estado español, o proceso de masificación *welfarista* da universidade invírtese xa nos comezos dos anos noventa. Nestes anos a liberalización da oferta universitaria impulsa un espectacular incremento das universidades privadas. Unha nova forma de Universidade-Elite, agora absolutamente volcada cara o mercado e gobernada baixo o réxime postfordista, renace baixo a forma das universidades privadas, ao tempo que a Universidade-Masa pública xira cara os modelos neoliberais.

Nestes momentos, en plena Sociedade da Información e do Coñecemento, cando o paso pola universidade tende a converterse nunha condición xeral da forza/traballo, as tecnocracias neoliberais están tentando por todos os xeitos introducir novos filtros de acceso, co fin de reducir o corpo universitario segundo os requirimentos do mercado. Os criterios clasistas reintrodúcense de novo para o alumnado (encarecendo as matrículas, reducindo as bolsas *welfaristas*, establecendo os *masters* e postgraos como única vía de acceso ao emprego), á vez que o traballo

precario, flexible e temporal exténdese entre os investigadores, os profesores e o conxunto do plantel das universidades (servizo de limpeza, de reprografía, de cafetería, etc.). No contexto dun mercado de diplomados e licenciados saturado e dunha constante expansión interna das formas da precariedade postfordista, a universidade pública dá o salto desde a fábrica de cadros á fábrica de precarias. As constantes chamadas a conciliar a universidade coa sociedade, concrétnanse realmente nunha supeditación da primeira con respecto ao mercado. A Lei Orgánica de Universidades (LOU) do 2001, tan amplamente contestada polo estudantado, enfatiza tal subordinación mediante a creación dos Consellos Sociais e a Axencia Nacional de Evaluación, adicados a introducir o mundo empresarial na universidade. Así mesmo, estes organismos artéllanse como dispositivos de poder que sancionan ou promoven, mediante a distribución diferencial de capital simbólico e monetario, aos grupos de investigación, os departamentos e as universidades segundo acepten ou rexeiten os novos devires tecnocráticos e mercantís da Universidade-Empresa.

Agora ben, as relacións entre saber e traballo sobre as que se articulan as tentativas de constituír a Universidade-Empresa, así como as novas composicións subxetivas e organizativas da forza/traballo universitaria, pasan ambas por transformacións aínda máis profundas. Estas transformacións sinalan a necesidade de combater o devir-empresa da universidade. Sinalan tamén a necesidade de ir alén do clásico discurso que, fronte á privatización, sostén que non hai outra alternativa posible que dar marcha atrás á roda do tempo, e voltar de novo á universidade estatal *welfarista*, ríxidamente xerarquizada, ritualista e corporativamente gremial.

2. *We, the general intellect.* As últimas transformacións na relación saber/traballo.

O longamente discutido “xiro lingüístico” da economía vai alén da mera linguaxe. Efectivamente, moitas veces producen máis plusvalías os compoñentes semiótico-simbólicos (as marcas, os anuncios) que as propias estruturas materiais (as fábricas). Porén, a natureza do cambio é máis profunda. O verdadeiro xiro ten un fundamento biopolítico ou, dito doutro xeito, é a vida no seu conxunto a que pasa a ser a clave da valorización do capital. Os coñecementos que se producen nas investigacións, os afectos que o vendedor inviste no cliente, as capacidades comunicativas que pon en xogo o traballador do *telemarketing*, os coidados que ofrece a traballadora doméstica, as ideas que maquina un creativo, todas as capacidades emotivas, afectivas e intelectuais son transformadas en plusvalía no capitalismo *biopolítico* contemporáneo. Os mesmos *hobbies* que a xente realiza de balde (pénsese na produción de *software libre* na rede) constitúen inxentes plusvalías. Incluso a elaboración dos gustos e as estéticas que se fan nas propias rúas conforman a materia prima (empregada polas empresas pero non remunerada) sen a cal difícilmente poderían vivir importantes sectores da produción. Toda esta creatividade e formación social dos saberes (saber-comunicativo, saber-emocional, saber-investigador, etc.), constrúese no *común* do social e continuamente excede a capacidade de captura das institucións

académicas e mercantís. Neste senso chamouse *general intellect*, en tanto que artellamento común, á produción inmaterial central para a valorización do capital. Dicimos “general”, por canto a súa creación dase sempre nas relacións, nos encontros de corpos que conforman o social. Así como a linguaxe prodúcese no encontro entre falantes, tamén é nese lugar común de onde xurden as ideas, os afectos e o resto das “mercancías” da forma/traballo cognitaria ou biopolítica. Deste xeito a centralidade do *general intellect* sinala un cambio drástico na funcionalidade da captura capitalista: xa non é que o capital arrende o traballo e a cambio dispoña as ferramentas materiais (máquinas, fábrica), senón que as propias ferramentas da produción (o cerebro, o corazón) lévanas consigo os traballadores. A laboura do capital consiste en volver externa a interioridade dos nosos corpos e cerebros, capturala, privatizala, patentala i explotala.

No momento en que absolutamente todas as capacidades humanas son transformadas polo réxime de produción en instrumento de valorización económica, a institución universitaria institúese como un dos dispositivos biopolíticos *centrais* da captura. A universidade configúrase, pois, como un modo de mando e desarticulación da cooperación dun *general intellect* que pola súa propia natureza vai alén do que acontece dentro das aulas e os departamentos. Non se trata tan só de saberes especializados (a adquisición das capacidades profesionais deberían ser consideradas xa de por si unha forma de traballo), senón da mesma produción do *general intellect* expropiado, disciplinado e regulamentado pola institución universitaria coa fin de preparar e regular a captura no mercado (acceso ao traballo, contratos en prácticas, bolseiros en empresas). Mais, neste preciso momento, cando o saber se asenta na centralidade da produción do capitalismo biopolítico, o artellamento dos nosos cerebros e corpos adquire tamén a posibilidade de alcanzar unha potencialidade antagonista sen igual.

Asemade, no momento en que os criterios de clase son reintroducidos como efecto de discriminación consustancial ao devir-empresa da universidade, nós retomamos a linguaxe da clase social. Nós somos o *cognitariado*, os traballadores precarios que portamos dentro do noso cráneo os “medios de produción” que o mercado nos quere roubar e pautar.

Por suposto, unha nova clase social require dun programa propio. Para o cognitariado o *welfare state* non é solución de ningún tipo. Quedalle moi curto, máis aínda, non o precisa. Cando xa é dono dos “medios de produción”, cando a súa produción pode realizarse (i efectivamente se realiza) por si propia, xa non ten necesidade nin das empresas nin do Estado. Máis aínda, o seu traballo é inconmensurábel. Non se pode medir porque non hai xeito de cuantificar o valor dunha idea, da creación dunha relación social ou dun afecto. Tampouco pode medirse en horas de traballo, pois a diferenza entre lugar de traballo e lugar de ocio tórnase insustancial no momento en que mesmo na ducha ou vendo a televisión se producen as ideas, as imaxes ou os discursos que posteriormente formarán o groso da valoración do capital. Deste xeito, o cognitariado require dun programa *outro* que se resume no que chamamos *éxodo*. Enumeremos tres puntos programáticos, que non obstante xa están sendo reivindicados ou implementados:

1) O *éxodo* cara fóra dos dispositivos de captura do común (academia, partidos, empresas) debe transformar a relación entre a universidade e a *metrópole*. O que no capitalismo industrial era a fábrica para o obreiro (é dicir, o lugar da produtividade), no capitalismo biopolítico vén a ser agora a metrópole para o traballador biopolítico. É na metrópole onde se produce a valorización económica da linguaxe, a comunicación, os afectos, as imaxes e os coñecementos. De ningún modo a produción de coñecementos pode recluírse nas paredes das aulas e dos seminarios. O *éxodo* do cognitariado estudantil, mediante o seu proceso de auto-organización, debe subvertir os lindes: axenciar a potencia da metrópole na universidade, e os espazos críticos da universidade coa metrópole.

2) Neste axenciamento, e como recoñecemento da inconmensurabilidade e a ubicuidade da produción biopolítica da metrópole, esíxese o dereito ao *ingreso universal garantido* (“renda básica”). Tal dereito ao ingreso para todas as persoas, incondicional, separado do emprego e da chantaxe salarial, pode axudar ao despegue de aqueles que desexen iniciar o *éxodo cognitario*. Diferimos con aqueles que entenden que o ingreso universal significa un fin en si propio, máis aínda disentimos cos que pensan que supón unha forma de superar o capitalismo. Para nós non é senón un paso máis no recoñecemento dunha produtividade social expropiada e que de ningún xeito pode ser xa cuantificada. Un paso, por outra banda, cara un desexo máis radical, a *vida gratis*, o rexeite da chamada *ética do traballo*. Para nós o ingreso universal é isto, un paso, tamén unha ferramenta cara a *praxe* política que verdadeiramente desexamos, é dicir, o *éxodo*.

3) Outra ferramenta a esixir é o *dereito a producir e acceder libremente á información e o coñecemento*. A produción cognitiva é o fluir continuo das relacións sociais, polo que as estratexias de captura capitalista pasan por operar cortes nestes fluxos, separando algunhas rexións concretas dos procesos para exercer sobre elas unha sorte de *enclosure*. Os propios axentes capitalistas son conscientes da necesidade de conceder unhas marxes de liberdade e innovación amplos. Un dereito de propiedade absoluto sobre o coñecemento, como no caso das patentes sobre os métodos cognitivos de produción e non só sobre os produtos finais, pode ser nefasta para a formación de valor a medio prazo. O capital imprime unha fronteira a medio camiño entre a potencia do comunismo cognitivo e o establecemento duns involúntes límites sobre algún dos segmentos productivos baixo a forma do dereito de propiedade. Os cercamentos ou *enclosures* das áreas comúns do coñecemento é comparable ao cercamento das terras no primeiro capitalismo industrial, a súa importancia estratéxica é incuestionable. Debemos procurar a defensa e loitar pola extensión destas terras comunais. Esixir unha *república do intelecto*, laxando así as condicións que dificultan o *éxodo*.

4) O *éxodo* materialízase na creación dunha *universidade pública non-estatal*: a Universidade/Metrópole. Con este concepto non queremos nomear unha nova forma de universidade académica, senón un común liberado con vontade universal, vírico. A Universidade/Metrópole é un espazo de produción de saber cooperativo exento dos controis e disciplinamentos das institucións de gobernación académica, política i económica. A Universidade-Metrópole máis que unha institución é un proceso de substraerse (*éxodo*) dos mecanismos de captura e privatización. De aí

que sexa *universidade*, mais de ningún modo no sentido institucional. Trátase máis ben dun campo aberto á *universitas do coñecemento* como *universitas do común*, liberado das distintas *enclosures* mercantís e académicas.

Destes catro puntos conclúese unha aposta evidente por vencellar indisolúblemente o movemento dentro das universidades cos movementos que se dan fóra. Non obstante, isto xa é unha realidade.

3. A imaxinación como contra-poder. As últimas transformacións nas relacións poder/política.

A carencia de imaxinación política, a nostalxia do vello *welfarismo* e a incapacidade de pensar as transformacións en curso, levan a unha parte do movemento estudantil e do profesorado a non acadar a ver ningunha outra alternativa senón resucitar o corpo moribundo da Universidade-Masa, invocando por todos os medios ao convalescente Estado benefactor. Deste xeito voltan a apostar unha e outra vez pola vella *política de partidos*, conformándose con ser as xuventudes ou os adaís dunhas social-democracias senís e atrofiadas, que polo demais son as mesmas que acaban firmando os recortes neoliberais (o PSOE xa desde os primeiros anos dos oitenta, o BNG agora no goberno).

Pola contra, nós queremos sumarnos a todo o movemento de precarias que percorre a metrópole europea: as redes de asembleas *V-de Vivenda*, as redes das manifestacións precarias que formaron o Euro May Day, os centros sociais nos que se constrúen novas formas de *biosindicalismo* (as chamadas Axencias de Asuntos Precarios ou Oficiñas de Dereitos Sociais), ou as distintas asembleas de precarios e de parados espalladas desde Vigo, Coruña, Compostela ou Ourense ata Helsinki, Milán ou Hamburgo. Para nós todas estas experiencias, así como a loita contra a LOU ou o levantamento estudantil que en Francia no 2006 tirou abaixo o CPE (Contrato de Primeiro Emprego), sendo o noso presente emerxente son xa o sinal do futuro posible. Falamos de loitas que fan do desexo e do vital o seu epicentro (*biopolítica*) e que se constrúen afastadas dos partidos e os sindicatos. A súa é unha política desde todos os “abaixo e á esquerda”, como din os compas de Chiapas, como fai o Movemento Alterglobalización, ou como se organizaron as insurreccións arxentinas ou bolivianas nos últimos anos. A súa xa non é a *política dos partidos*. É política sen-representación, radicalmente democrática, en rede; desde a cotianidade, os afectos e a vida. A isto chamámolo *política de movemento*. Esta forma de facer política xa non ten nada que ver con esa outra acepción fea e obscena do político. A *política de movemento* hoxe tende a subsumir no seu devir á *política dos partidos*. Isto é evidente na América do Sur; sen dúbida os partidos de esquerda no poder non son nada sen os movementos, nin sequera terían chegado alí se non fose por eles. O movemento é a potencia real da transformación, nel vive a creatividade, é puro *poder constituinte*, mentres que os partidos de esquerda tórnanse cada vez máis os seus grises parásitos; vampirizadores sen ideas cumprindo un triste papel taxidermista que, como se de volvoretas se tratase, con fins museísticos pretenden dar caza aos movementos.

4. A autoxestión do coñecemento e a *universitas* non-estatal.

Polo que nos compete, en tanto que investigadores/estudantes/activistas, parécenos especialmente útil unha das experiencias destas novas *formas de facer política*; as emerxentes Uninómadas ou Universidades Piratas. En anos recentes, proliferaron por todas partes: a Universidade Tanxente francesa, a Uninómada italiana, a Universidade Experimental en Rosario (Arxentina), ou as universidades nómadas e piratas de Madrid e Barcelona son tan só algunhas delas.

Por *universidade nómada* ou *universidade en éxodo*, entendemos os grupos *praxisteóricos* de autoxestión da formación, o *currículum* e o coñecemento. Trátase dunha aposta *outra*, que xurde dunha radical vontade de actualizarse aos novos tempos. Son microexperimentos, contrapoderes locais, que tecen redes globais. Ben poderían considerarse as Uninómadas, estes territorios micropolíticos, uns dos xermes posibles para a constitución da terra que desexa producir o *éxodo*. Constrúen esa terra desde as marxes da Academia e da xungla metropolitana dos movementos, coa vontade de espallar o virus da Universidade/Metrópole.

O concepto que vertebra as formas de universidade en éxodo é o que chamamos a *autoformación praxeteórica*. O primeiro que se quere sinalar coa noción *praxeteoría* é a vontade de articular o pensamento coa acción. A relación entre teoría e praxe foi longamente discutida. Desde as posturas humanistas e ilustradas, a teoría defendíase como aquilo que debería guiar a praxe. Pola contra, desde outras posturas antagonistas, entendeuse a teoría como aquilo que emerge da praxe (por exemplo, a teoría emerxente dos ciclos de loita). Ubicándonos preto desta segunda concepción, falamos de *praxeteoría* para sinalar o seu carácter indisoluble. Para nós a teoría é acción, do mesmo xeito que a acción produce teoría. Este é un feito especialmente importante no marco da sociedade biopolítica actual, onde a produción de símbolos, mitoloxías, narrativas, semánticas, conceptos e léxicos cobra unha inusitada importancia no contexto do devandito xiro lingüístico da economía e a política.

Por outra banda, cando falamos da autoformación falamos dunha forma concreta da autoxestión do coñecemento. Sen dúbida os movementos sociais non cesan de producir discursividades e saberes. Mais por autoformación non queremos nomear tan só as charlas, grupos de discusión e seminarios de formación que se dan nos espazos dos movementos. Aínda que inseparable desta realidade, por autoformación sinalamos unha *praxeteoría* adicada a producir *desde dentro* da universidade actual o éxodo cara os territorios da *universitas do común*. A súa intención é incidir na xeración do coñecemento dentro da universidade a través de experimentos de autoxestión da formación e o coñecemento coa vontade de constituir redes de contrapoder dentro da propia universidade, aínda que sempre vencelladas á produción do saber e á praxe que se dá no seu afora. A autoformación incide tamén nos *currícula* a través da autoxestión de créditos de libre configuración, e proxecta campos de creatividade intelectual substraídos da dependencia académico-mercantil mediante o artellamento de publicacións e

laboratorios de investigación autónomos. É deste xeito que a autoformación debe entenderse como unha sorte de “sindicalismo do coñecemento”.

A autoformación é unha estratexia de fuga. Non se trata de camiñar polos circuitos dun laberinto á procura das diferentes chegadas predefinidas, senón precisamente de negar o fundamento da encrucillada, transformando as condicións en que o conflito se desenvolve. Aproveitar a posibilidade de recuperar os recursos públicos detentados pola universidade coa fin de construír unha *esfera pública non-estatal* ao tempo que reinventa as prácticas pedagóxicas e democráticas. En definitiva, interferencias, estimulantes canles de creatividade i expresión, non de representación.

Estas son algunhas das reflexións que animan a *Asemblea de Precarias en Formación*. Non forman o seu programa nin a súa “liña ideolóxica”. Pola contra, a APF quere construírse desde a multiplicidade, expresándose multiple, en aberta oposición a calquera *reductio ad unum*. A APF xurde a finais do 2007 na Coruña como proxecto de autoorganización horizontal que desexa experimentar con novas formas de vida, pensamento e loita. Aposta pola necesidade de cartografiar e incidir nas distintas mutacións nas relacións saber/formación, saber/traballo, saber/renda, saber/poder, saber/metrópole. Neste senso, as reflexións aquí expostas representan unha das *liñas de fuga* que dispara a APF. Un vector entre outros, artellados no *común* assembleario coa intención de contribuír a crear mapas-en-proceso precisos cos que (auto)orientarnos nas nosas labouras estudiantís, investigadoras e activistas. A asemblea sitúase nas marxes da institución universitaria, avanza de forma paralela, crítica e alternativa, dispostos a participar no éxodo

A Coruña, novembro de 2007.